O 15 de xuño de 2023 tivo entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa (DXSA) un escrito da Consellería de Facenda e Administración Pública mediante o que se solicita a este centro directivo a emisión de informe en relación co anteproxecto de lei de estatística de Galicia. O devandito escrito viña acompañado da memoria xustificativa.

Atendendo á solicitude formulada, tendo en conta o disposto no artigo 7.2 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, e en base ás competencias que lle confire o artigo 25 do Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 120, do 23 de xuño), a DXSA emite o seguinte:

INFORME

PRIMEIRO. Na exposición de motivos do anteproxecto de lei indícase que no procedemento de elaboración promoveuse a participación cidadá e respectáronse as obrigas de publicidade nos termos previstos na Lei 1/2016, do 17 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, polo que cumpre co principio de participación.

Ademais, sinálase que esta iniciativa se axusta aos principios de boa regulación contidos no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Tamén se refire aos devanditos principios na memoria xustificativa que acompaña o texto do anteproxecto.

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SEGUNDO. En canto á estrutura da lei, consta de un título preliminar, catro títulos, seis disposicións adicionais, unha disposición derrogatoria e dúas disposicións finais.

O título preliminar abrangue os artigos 1 a 5 e contén o seu obxecto e ámbito de aplicación, as definicións, os principios xerais e o compromiso coa calidade da estatística galega.

O título I, relativo á gobernación estatística, comprende os artigos 6 a 20 e divídese en catro capítulos nos que se establece o modelo organizativo, integrado polo Instituto Galego de Estatística, os órganos estatísticos sectoriais e o Consello Galego de Estatística.

O título II, referido á produción estatística, determínase nos artigos 21 a 30, e está formado por tres capítulos adicados, respectivamente, ás dimensións de planificación, obtención de información e publicidade de resultados.

O título III regula o segredo estatístico nos artigos 31 a 34, cunha maior precisión fronte á regulación existente.

Finalmente, o título IV concreta o réxime sancionador, que inclúe os artigos 35 a 39.

A disposición adicional primeira prevé a posible creación dun Rexistro de poboación de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A disposición adicional segunda recoñécelle ao Instituto Galego de Estatística a facultade de realizar análises e estudos estatísticos dirixidos ao seguimento e avaliación de plans, programas, proxectos ou outros aspectos organizativos ou funcionais que deberán cumprir os principios e normas establecidos nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan.

A disposición adicional terceira refírese aos órganos superiores do Instituto Galego de Estatística, e a cuarta ao seu plan anual de actuación.

Nas disposicións adicionais quinta e sexta dispónse, respectivamente, o acceso polo Instituto Galego de Estatística ás bases de datos de persoas xurídicas para realizar as funcións que se lle atribúan na planificación estatística, coa pertinente compensación se procede; e a posibilidade de revisión das contías das sancións por infraccións en materia estatística.

TERCEIRO. O artigo 27.6 da Lei 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia configura como competencia exclusiva a estatística para os fins da Comunidade Autónoma galega.

Esta previsión desenvolveuse de xeito inicial coa aprobación da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia. Como consecuencia do mandato contido no seu artigo 6, aprobáronse seis plans estatísticos mediante lei, en canto instrumentos de ordenación e planificación da actividade estatística da comunidade autónoma.

A devandita Lei 9/1988, do 19 de xullo, foi obxecto de modificación pola Lei 7/1993, do 24 de marzo, así como por algunhas das leis de aprobación dos

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

plans galegos de estatística. Así, tamén sufriu modificacións froito da aprobación da Lei 10/2001, do 17 de decembro (que afecta ao artigo 34); a Lei 16/2006, do 27 de decembro (que modifica os artigos 24, 29, 30, 35, 44 e 47); así como a Lei 8/2011, do 9 de novembro (ao afectarlle aos artigos 2, 47 e 48).

Ademais, tamén se ditaron en desenvolvemento da citada Lei 9/1988, do 19 de xullo, os seguintes decretos: o Decreto 173/2007, do 30 de agosto, polo que se establece a forma de designar aos membros do Consello Galego de Estatística; o Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, polo que se regulan os órganos estatísticos sectoriais e se establece o procedemento de designación; e o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística. Pois ben, todos estes decretos quedan sen efecto en virtude da previsión contida na disposición derrogatoria deste anteproxecto de lei.

Como se pon de manifesto na memoria xustificativa e na exposición de motivos do anteproxecto, tamén teñen unha importante incidencia no eido da estatística, nomeadamente, o Regulamento (CE) nº 223/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo, relativo á estatística europea; e o Código de conduta de 2017 do Sistema Estatístico Europeo.

Tamén deben considerarse outras leis, como a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que crea e tipifica as escalas superior e técnica de estatística; así como a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, que implica a asunción de responsabilidades do Instituto Galego de Estatística na planificación

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

orzamentaria. Pola súa banda, o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade e a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia supoñen a introdución das perspectivas de xénero e idade na estatística.

Así mesmo, cómpre destacar que na difusión da información estatística hanse de ter en conta as previsións da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, e a Directiva 2016/2102 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles dos organismos do sector público.

En consecuencia, como se indica na memoria xustificativa, tendo en conta as achegas da regulación en vigor con posterioridade á Lei 9/1988, do 19 de xullo; o desenvolvemento tecnolóxico e a multiplicación das fontes de datos, resulta pertinente a aprobación dunha nova lei de estatística de Galicia.

A regulación contida nesta lei enlaza cos obxectivos do Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, en particular, coa prioridade de actuación 5.1, que consiste nunha "boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas, empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade". Neste senso, a exposición de motivos, refírese, con carácter xeral, a que a estatística pública é unha actividade estreitamente vencellada á

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

democracia, e considérase que non se trata só de gobernar cun sólido soporte informativo, senón de que este se xere de acordo con padróns científicos e se transmita con obxectividade e de xeito imparcial. Así, o sistema estatístico público debe permitir aos responsables políticos atinar nas súas decisións e á cidadanía exercer plenamente os seus dereitos.

En concreto, neste punto a norma refírese á importancia de mellorar a precisión das previsións co fin de deseñar e avaliar políticas públicas, para o que recoñece a relevancia de sensibilizar aos responsables da información administrativa sobre a utilidade externa desta.

CUARTO. Constitúe o obxecto do anteproxecto de lei que se somete a informe regular a estatística para os fins de Comunidade Autónoma de Galicia, entendida como a produción e difusión de información, mormente cuantitativa, que representa un fenómeno colectivo referido ás realidades demográfica, social, cultural, económica, financeira e ambiental de Galicia e, en xeral, a calquera cuestión relativa ás competencias da Comunidade Autónoma; e exclúe a regulación das enquisas de opinión e as electorais ás que se refire o artigo 69 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral.

QUINTO. Esta iniciativa lexislativa resulta de aplicación á función estatística realizada polo sector público autonómico de Galicia, coa finalidade de ordenala e protexela. Así mesmo, tamén será de aplicación á de interese da Comunidade Autónoma que, por acordo, convenio ou contrato fose realizada polos entes locais, as universidades ou calquera outra entidade de dereito público ou privado.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SEXTO. No que atinxe aos principios que son de aplicación en materia estatística, valórase positivamente a inclusión dalgúns non previstos na regulación anterior e que están vinculados á transparencia e á integridade.

En particular, o artigo 4 contempla o principio de autoridade de xeito que a estatística galega debe desenvolverse de acordo coa normativa emanada dos poderes competentes na materia e cos estándares, prácticas e principios científicos que aseguren a súa corrección técnica, o que supón recorrer a normas profesionais e éticas e garantir a transparencia cara as persoas informantes e usuarias.

En relación á integridade, o principio de independencia profesional exixe que as estatísticas se preparen, elaboren e difundan de xeito independente e sen presión dos grupos políticos ou de interese, en especial no tocante á selección de técnicas, definicións, metodoloxías e fontes por utilizar, así como ao calendario e á forma e contido da difusión.

Igualmente, no eido da transparencia, cómpre destacar a accesibilidade e claridade como un dos criterios de calidade estatística, referido no artigo 5, segundo o cal as estatísticas difundiranse garantido o acceso neutral e doado das persoas ou entidades usuarias, e achegando información complementaria para facilitar o seu uso e interpretación.

SÉTIMO. En canto á organización estatística galega, o artigo 7 do anteproxecto reproduce a contida no artigo 37 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de maneira que se mantén a súa composición segundo a cal forman parte o

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Instituto Galego de Estatística, os órganos estatísticos sectoriais e o Consello Galego de Estatística.

No que atinxe ao Instituto Galego de Estatística, este organismo autónomo creouse mediante a devandita Lei 9/1988, do 19 de xullo. Pois ben, este anteproxecto de lei pretende reforzar o seu papel como organismo coa capacidade técnica e a cobertura xurídica necesarias para acceder á información administrativa e integrala en bases de datos de finalidade estatística.

O artigo 8.1 do anteproxecto non modifica a natureza xurídica de organismo autónomo, polo que non supón a creación dun novo ente nin a alteración da súa natureza.

Respecto das funcións asignadas, en esencia, fai referencia ás contidas na lei vixente, se ben engade algunhas, entre as que se poden destacar a realización, promoción e divulgación da investigación, o desenvolvemento, a innovación e o coñecemento no ámbito da estatística galega; a promoción da formación e o perfeccionamento profesional do persoal estatístico; o desenvolvemento de modelos de predición e análise socioeconómica para a planificación a medio e longo prazo; así como a elaboración e difusión anual dunha memoria sobre a actividade da organización estatística galega. Valórase positivamente a difusión desta memoria, nos termos do artigo 9.1 q).

En similares termos ao recollido no artigo 39.6 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, o artigo 9.2 b) do anteproxecto impón que os órganos ou entidades do

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

sector público autonómico consulten con carácter previo ao Instituto Galego de Estatística sobre a preparación e reforma de procedementos administrativos que poidan ter consecuencias sobre a produción de información de posible aproveitamento estatístico, ademais de noutros supostos.

Pola súa banda, a disposición adicional terceira remítese axeitadamente á LOFAXGA e determina que os seus órganos superiores son a Presidencia, o Consello Reitor e a Dirección.

Esta organización é conforme co artigo 63 da antedita lei, que dispón que en toda entidade pública instrumental haberá un órgano superior colexiado de goberno denominado "consello reitor" e un órgano unipersoal de goberno ao cal corresponderá a presidencia da entidade e do propio consello reitor.

En particular, a Presidencia asígnaselle á persoa titular do departamento de adscrición do Instituto, que tamén presidirá o Consello Reitor. Isto resulta adecuado ao disposto no artigo 64.2 da LOFAXGA.

Respecto ás atribucións do Consello Reitor, segue en liñas xerais as establecidas no artigo 64.4 da LOFAXGA e engade outras a maiores.

No tocante á dirección, trátase do órgano executivo, de acordo co establecido no artigo 65 da LOFAXGA. A persoa titular desta, consonte o artigo 10.3 do anteproxecto, terá a condición de alto cargo da Administración da Comunidade Autónoma, e será nomeada mediante decreto, o cal resulta coherente co disposto no artigo 37.1. c) da Lei 1/2016,

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, de conformidade co cal terán a condición de alto cargo os directores e directoras xerais e asimilados dos entes instrumentais do sector público autonómico previstos no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, excepto das fundacións do sector público autonómico, sempre que teñan a condición de máximos responsables e cuxo nomeamento sexa efectuado por decisión do Consello da Xunta de Galicia ou polos seus propios órganos de goberno.

En canto ás funcións da dirección, o artigo 10.4 mantén, con carácter xeral, as encomendadas na Lei 9/1988, do 19 de xullo.

Neste eido, o artigo 63.1 da LOFAXGA dispón que a composición do consello reitor e as funcións deste e do presidente serán determinadas na normativa específica de cada entidade. Así mesmo, o artigo 65.3 da mesma lei establece que as persoas titulares dos órganos executivos son responsables da xestión ordinaria da entidade e exercen as competencias inherentes aos seus cargos, así como as que expresamente se lles atribúen na presente lei e nos estatutos e as que lles deleguen os órganos de goberno.

En consecuencia, é función dos estatutos do Instituto Galego de Estatística concretar o réxime, funcionamento e composición dos seus órganos de goberno e executivos, seguindo os mandatos da LOFAXGA. A día de hoxe, estes aspectos desenvólvense no Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Por outra banda, este anteproxecto adícalle o artigo 12 ao réxime de persoal, fronte á anterior regulación na que non se fai mención a este réxime. En concreto, o apartado primeiro deste precepto dispón que o persoal do Instituto Galego de Estatística réxese pola normativa de emprego público e pola lexislación laboral aplicables ao resto do persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

Esta previsión está xustificada, pois o artigo 69.1 da LOFAXGA establece que o persoal ao servizo dos organismos autónomos será funcionario, estatutario ou laboral, nos mesmos termos que o establecido para a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

No punto segundo do artigo 12 da iniciativa normativa determínase que, en desenvolvemento da súa estrutura orgánica, o instrumento de ordenación dos postos de traballo do Instituto Galego de Estatística será a súa relación de postos de traballo, na que se determinarán as características de cada un.

Neste senso cómpre ter en conta o artigo 69.4 da LOFAXGA, que especifica respecto dos organismos autónomos en particular, que as relacións de postos de traballo serán aprobadas pola Xunta de Galicia de conformidade coa normativa aplicable na materia e previa negociación coas organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública.

A disposición adicional cuarta refírese ao Plan anual de actuación do Instituto, o cal recollerá un extracto dos obxectivos que se lle atribúan ao Instituto no programa estatístico do mesmo ano e detallará outros a acadar, xunto cos recursos persoais e orzamentarios precisos. O Plan anual de

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

actuación será aprobado como orde da consellería de adscrición e os seus resultados someteranse ao Consello Reitor. Esta previsión resulta xustificada en atención ao mencionado artigo 70 da LOFAXGA, que configura este plan como aquel que debe guiar a actividade dos organismos autónomos, o cal é aprobado por orde da consellería de adscrición dentro do marco do programa plurianual desta última. A teor deste artigo, debe contar co informe favorable da consellería competente en materia de facenda, conforme ao establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

En canto ao contido do Plan de actuación, a citada disposición adicional cuarta refírese en esencia ao mencionado no antedito artigo 70 da LOFAXGA. Pois ben, este contido determinarase regulamentariamente, e incluirá, en todo caso os obxectivos e resultados que deban ser alcanzados polo organismo; e os recursos persoais, materiais e orzamentarios precisos para a consecución dos obxectivos e resultados fixados.

Así mesmo, resulta adecuada a imposición de que os resultados do Plan se sometan ao Consello Reitor, tendo en conta as funcións atribuídas no artigo 64.4 da LOFAXGA a este órgano.

Polo que respecta aos órganos estatísticos sectoriais, o anteproxecto recolle de maneira moi similar a regulación establecida na mencionada Lei 9/1988, do 19 de xullo, ao establecer que a súa designación se determine regulamentariamente e asignarlle, en esencia, as funcións que xa teñen atribuídas.

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Pola súa banda, o Consello Galego de Estatística, que foi creado pola antedita lei 9/1988, do 19 de xullo, mantén, con carácter xeral, as mesmas funcións. No que atinxe á composición deste órgano consultivo, hai que indicar que muda en poucos aspectos. En particular, prevense tres persoas representantes das organizacións sindicais máis representativas de Galicia, fronte á anterior regulación, que só contemplaba unha persoa representante do ámbito sindical; así mesmo, tamén se incorporan dúas persoas en representación da Administración xeral do Estado (unha designada polo Instituto Nacional de Estatística e outra pola Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia); ademais, faise unha precisión en relación á representación empresarial, que a ostentarán dúas persoas da asociación empresarial intersectorial máis representativa de Galicia.

No referido ao seu funcionamento, mantense a Comisión de Coordinación e a Comisión Permanente, e figura, como establece a lei vixente, que os medios que precise o consello para o seu funcionamento serán cubertos polo Instituto Galego de Estatística con cargo ao seu orzamento.

OITAVO. No título II, o capítulo I, relativo á planificación da estatística galega, contempla o Plan galego de estatística, e configúrase como o instrumento de ordenación e planificación da estatística galega. Este Plan será aprobado polo Parlamento de Galicia mediante lei e terá unha vixencia de cinco anos, agás que nel se establecera outra diferente, quedando prorrogado ata a entrada en vigor do seguinte.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

O desenvolvemento e execución deste Plan encoméndaselle ao programa estatístico anual, que será aprobado mediante decreto, por proposta da persoa titular do departamento ao que estea adscrito o Instituto Galego de Estatística (isto é, a consellería competente en materia de facenda).

No capítulo II do devandito título, para a obtención de información, o artigo 25 impón unha obriga de colaboración cidadá, en termos semellantes ao establecido na lei 9/1988, do 19 de xullo. Deste xeito, deben fornecer información todas as persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que teñan ou tivesen o seu domicilio ou residencia no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, ou ben desenvolvan ou desenvolvesen algunha actividade nel. Esta obriga poderase estender a actividades que se desenvolvan fóra de Galicia cando fora axeitado á finalidade da operación e estivese previsto no seu proxecto técnico.

Este proxecto técnico sistematiza os procedementos de execución das operacións, e aprobarase polo Consello Galego de Estatística, o cal terá un carácter público.

Co fin de garantir o aproveitamento da información dispoñible, esta iniciativa contén unha regulación innovadora no artigo 27, de maneira que se prevé que para reducir a carga de resposta e mellorar a eficiencia da produción estatística utilizarase como fonte prioritaria de información a contida nos ficheiros de datos estatísticos, administrativos ou doutro tipo. Así, o Instituto Galego de Estatística terá dereito a solicitar e obter os datos contidos nos ficheiros estatísticos, administrativos ou doutro tipo dos

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

órganos e entidades do sector público. Isto implica a obriga de que os titulares lle presten a máis rápida e áxil colaboración no proceso e que os ficheiros postos a disposición do Instituto Galego de Estatística vaian acompañados da metainformación pertinente.

Tamén contempla que o Instituto Galego de Estatística poida desenvolver e manter bases de datos a partir do enlazamento de ficheiros de datos estatísticos, administrativos ou doutro tipo, cuxa finalidade será programar estatísticas a partir da súa explotación, garantindo o cumprimento da normativa sobre segredo estatístico.

O capítulo III do mencionado título, respecto da publicidade de resultados, refírese no seu artigo 28 á difusión das estatísticas, entendida consonte o artigo 3.16 como o conxunto de accións para pór os resultados estatísticos á disposición das persoas usuarias. Neste senso, este anteproxecto de lei regula cunha maior extensión esta difusión, a cal ten especial relevancia de cara ao seu coñecemento pola cidadanía, en aras da transparencia.

A difusión deberase realizar de xeito integrado, obxectivo, oportuno e puntual, acompañada da metainformación e doutra información de apoio á interpretación de resultados. Aclara que os resultados das estatísticas difundiranse principalmente por medios electrónicos, de xeito preferente polo organismo responsable da súa elaboración e de acordo cos principios e criterios de calidade contemplados nesta lei, en particular, coa salvagarda do segredo estatístico e a garantía de igualdade de acceso.

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En concreto, prevese que as estatísticas difundidas deberán ser reutilizables nos termos previstos na normativa aplicable, nomeadamente, de acordo coa Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

Tamén se dispón que o Instituto Galego de Estatística potenciará a interoperabilidade na súa difusión.

En particular, configúrase como o portal da estatística galega a web do Instituto Galego de Estatística, desde o que se debe poder acceder á información producida pola organización estatística galega. A este respecto, consonte o artigo 29, relativo á conservación da información, os resultados difundidos na web do Instituto Galego de Estatística permanecerán almacenados, agás motivación expresa e previa publicidade.

Pola súa banda, as webs da Presidencia da Xunta de Galicia, das vicepresidencias, das consellerías e, de ser o caso, dos órganos e entes públicos dependentes delas, disporán dun apartado específico de estatística para recoller os resultados das súas actuacións dentro dos programas anuais.

O acceso aos resultados das estatísticas cuxa difusión estea prevista nos programas anuais será gratuíto. Porén, previa a contra-prestación económica que corresponda e sempre que non se altere de xeito significativo o seu normal funcionamento, os órganos estatísticos poderán facilitar a quen o solicite outras elaboracións diferentes dos resultados das

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

estatísticas xa difundidas, que han de reunir as suficientes garantías técnicas e respectar o segredo estatístico.

NOVENO. A disposición adicional primeira prevé a posibilidade de crear e manter un Rexistro de poboación de Galicia, no que constarán os datos do nome, apelidos, domicilio, sexo, data de nacemento e número do DNI, ou do documento que o substitúa no caso de persoas estranxeiras, que consten nos padróns municipais de habitantes de todos os concellos galegos.

Este rexistro xa foi previsto pola disposición adicional única da Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026. Para maior abastanza, non implica a asunción de ningunha carga administrativa para a cidadanía, pois os datos deste rexistro seranlle solicitados ao Instituto Nacional de Estatística, a quen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribúe a coordinación de todos os padróns municipais.

DÉCIMO. No que atinxe á disposición derrogatoria, tendo en conta que só se contempla unha disposición desta clase, debería denominarse "única", en atención á calidade normativa, de conformidade coa regra 40 das Directrices de técnica normativa, aprobadas mediante Resolución do 5 de novembro de 2014, da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de outubro de 2014.

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, emite **INFORME FAVORABLE** ao anteproxecto de lei de estatística de Galicia.

O director xeral de Simplificación Administrativa

Jesús Oitavén Barcala

Documento datado e asinado dixitalmente na marxe

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Asinado por: OITAVEN BARCALA, JESUS
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa
Data e hora: 28/06/2023 08:58:11

CVE: yDf9hwtlrKZ9
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Edificios administrativos - San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
www.conselleriadefacenda.es